

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 5-2015 DA SESION ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

- DIA 26/03/2015-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SÁNCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTÁNS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

ANA MARÍA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP)
incorporase as 20:13 h.

JOSÉ RICARDO BESADA GESTO (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

CONCELLEIROS AUSENTES:

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ANA MARÍA EITOR VIDAL (PP)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

NOTA: O PLENO O CONFORMAN LEGALMENTE 17
MEMBROS, PENDENTE SUBSTITUCIÓN DUN MEMBRO

Secretaría:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Patricia Fernández Pérez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.-

3º.- DACION DE CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA AO ABEIRO DA LEI 15/2010 DE MOROSIDADE (4º TRIMESTRE 2014).

4º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 77/2015, 78/2015, 79/2015 DE 27/02/2015, CORRESPONDENTES AS MODIFICACIONES DE DELEGACIÓN CONCELLEIROS E TENENTES DE ALCALDÍA.

5º.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN Nº 109/2015, SOBOR DA EXCLUSIÓN DA OBRIGA DE FACTURACIÓN ELECTRÓNICA POR IMPORTE IGUAL OU INFERIOR A 5.000€.

6º.- APROBACIÓN SI PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL, CADRO DE PERSOAL, E LIMITE DO GASTO NON FINANCIERO PARA O EXERCIZO DO 2015.

7º.- MOCIONS DE URXENCIA.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS

A corporación abre o pleno dedicando un minuto de silencio polo accidente de avión con toda a tripulación e pasaxeiros falecidos, e polos que está declarado luto oficial polo Estado.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 3 Sesión Extraordinaria urgente do día 20/02/2015

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, por unanimidade dos 12 concelleiros presentes dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda APROBADA a acta citada.

Acta Nº 4 Sesión ordinaria do día 26/02/2015

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, por unanimidade dos 12 concelleiros presentes dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda APROBADA a acta citada.

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/02/2015 ata o 28/02/2015, que comprenden os números 33/2015 ao 79/2015, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 3 da Sesión extraordinaria do día 12/02/2015
- Acta Nº 4 da Sesión extraordinaria do día 26/02/2015

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- DACION DE CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA AO ABEIRO DA LEI 15/2010 DE MOROSIDADE (4º TRIMESTRE 2014)

O Sr. Alcalde da conta do informe de tesourería facilitado aos membros do pleno corporativo.

<<INFORME DE TESOURERIA

ASUNTO: INFORME TRIMESTRAL DE MOROSIDADE. CARTO TRIMESTRE 2014

I. NORMATIVA APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, pola que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público
- Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local
- Ley 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (LLCM)
- Ley 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade financeira, modificada pola L.O. 4/2012, de 28 de setembro

• Artigo 33 da Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo ao crecemento e á creación de emprego

• Guía para a elaboración dos informes trimestrais que as EE.LL. han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo 4 da Lei 15/2010

II. ANTECEDENTES

A Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (LLMC), determina nos artigos carto e quinto a obrigatoriedade de elaboración e remisión ao Ministerio de Economía y Hacienda dun informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas incluídas no ámbito obxectivo da norma.

O tenor literal dos mencionados preceptos é o seguinte:

“Artigo carto.

(.....)

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas”.

III. FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMERO. Ámbito subjectivo

A LLMC establece que o seu ámbito de aplicación son as operacións comerciais entre empresas e a Administración, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF, en adiante)

SEGUNDO. Ámbito obxectivo

O ámbito obxectivo da lei constitúeno as operacións comerciais, e concretamente:

a) operacións con cargo ao capítulo 2 do presuposto de gastos “Gastos correntes en bens e servizos”:

20 Arrendamentos e cánones
21 Reparacións, mantemento e conservación
22 Material, suministros e outros
220 Material de oficina
221 Suministros
222 Comunicacións
223 Transportes
224 Primas de seguros
226 Gastos diversos
227 Traballos realizados por outras empresas e profesionais
24 Gastos de publicacións
25 Concertos de asistencia sanitaria
27 Compras, suministros e outros gastos relacionados coa actividade
29 Obrigas de exercizos anteriores pendentes de imputar

b). Operacións con cargo ao capítulo 6 “Inversións reais”:

Contrato de obras
Contrato de suministro
Contrato de consultoría e asistencia técnica
Contrato de xestión de servizos públicos
Contrato de servizos
Contrato de concesión de obras públicas
Outros

Quedan fora do ámbito deste informe as operacións que non estean baseadas nunha relación comercial, tales como as de carácter estatutario ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria; os gastos de transferencias correntes ou de capital; os gastos de natureza financeira e os pagos pendentes de aplicación de obrigas non presupostarias

TERCERO. Prazos legais de pagamento

O artigo 4.1 da LLMC estipula que o prazo de pago, se non se houbera fixado data no contrato, será de trinta días naturais dende a recepción das mercadorías ou da prestación dos servizos. No apartado 2º do artigo 4 indícase que si se dispuxera dun procedemento de aceptación ou de comprobación mediante o que deba verificarse a conformidade dos bens ou dos servizos co disposto no contrato, a súa duración non excederá de trinta días naturais a contar dende a data de recepción dos bens e servizos. Neste caso, o prazo de pago será de trinta días despois da data de aceptación ou verificación dos bens ou servizos, aínda que a factura se recibira con anterioridade a data de aceptación.

Pola súa banda, o artigo 216.4 do TRLCSP di que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación, siempre que no sea manifiestamente abusivo para el acreedor en el sentido del artículo 9 de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.”

Non obstante, o prazo de pagamento será de 55 días para as facturas presentadas dende o 7/7/2010 ata o 31/12/2010, de 50 días para as presentadas dende o 1/1/2011 ata o 31/12/2011, de 40 días para as presentadas dende o 1/1/2012 ata o 31/12/2012.

CARTO. Consecuencias do incumprimento dos prazos legais de pago

a) Intereses por mora

En caso de que a administración incurra en mora, e incumpra los prazos indicados no apartado anterior, deberá abonar ao contratista, a partir do incumprimento, os intereses de demora nos termos previstos no artigo 7 da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, sen necesidade de intimación previa por parte do acreedor, segundo redacción dada polo artigo 33.Tres do RDLei 4/2013 de 22 de febreiro

Mediante resolución de 27 de xuño de 2014, da Secretaría do Tesouro e Política Financeira, publícase o tipo de interés de demora a aplicar durante o segundo semestre do 2014, será o 8,15 %.

b) Indemnización por costes de cobro

O acreedor terá dereito a cobrar unha cantidade fixa de 40 euros, que se engadirá en todo caso ao principal, sen necesidade de petición expresa.

O acreedor poderá reclamar tamén unha indemnización por todos os costes de cobro debidamente acreditados nos que incurra a causa da mora deste e que superen a cantidade indicada no parágrafo anterior.

Quinto. Plan de axuste

Examinado o Plan de Axuste aprobado ao abeiro do RDLei 4/2012, non existe ningunha mención expresa á morosidade das operacións comerciais.

QUINTO. SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA E DÉBEDA COMERCIAL

Mediante a L.O. 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, o principio de sostenibilidade financeira que recollía orixinariamente a L.O. 2/2012, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, amplíase de xeito que agora tamén se inclúe a débeda comercial e se establece a obriga de facer público o período medio de pago a provedores e de dispoñer dun plan de tesourería que incluíra, a lo menos, previsións de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que establece a normativa de morosidade (art. 6.13 da L.O. 2/2012).

A Disposición Adicional primeira da LO 9/2013 estipula que transcorrido un mes dende a entrada en vigor da lei (22/12/2013) todas as AA.PP. publicarán na súa web o período medio de pago a provedores; asimesmo, no seu plan de tesourería posterior a dita publicación incluírán as medidas de redución do PMPP para cumprir co prazo máximo da normativa sobre morosidade. Non obstante o anterior, a metodoloxía de cálculo desenrólase mediante R.D. 635/2014, de 25 de xullo (BOE 30/07/2014)

O período medio de pago a provedores do carto trimestre de 2014 foi de 76,78 días

IV. CONSIDERACIONES TÉCNICAS

I. No presente informe recóllense os incumprimentos do prazo de pago das Obrigas Pendentes de Pago a que fai referencia o artigo 4.3 da Lei 3/2004, en consonancia co artigo 216.4 do TRLCSP, así coma as facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales transcurran máis de tres meses dende a súa anotación no Rexistro e continuaran sen o recoñecemento da obriga (art. 5.4)

II. Para la realización del presente informe se ha partido de la información disponible en el Sistema de Información Contable do aplicativo SICALWIN do Concello de Rianxo

Para poder proporcionar una información rigurosa de los períodos de pago así como das operacións nas que se están incumprindo os períodos legais de pago compre dispor no Sistema de Información Contable as datas en que se inicia o cómputo do período legal de pago, así como do pago efectivo.

En canto ao dies a quo, a aplicación, por defecto, considera a data de rexistro da factura no rexistro de intervención (que coincide coa data de rexistro xeral de entrada); e o vencimento do período legal de pagamento compútao 30 días despois da aprobación, sempre e cando ésta se produza nos 30 días seguintes ao seu rexistro. De non producirse o recoñecemento da obriga nos 30 días citados, toma como vencimento do prazo legal de pago o día 60, dende a data de rexistro.

III. O período medio de pago da lei de Morosidade calcúlao o aplicativo SICALWIN dacordo coas fórmulas incorporadas na Guía para a elaboración dos informes trimestrais que as EE.LL. han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda que define as diferentes variables empregadas no cálculo.

IV. O informe trimestral contempla a seguinte información:

a) Pagos realizados no trimestre

PAGOS REALIZADOS NO CARTO TRIMESTRE DO 2014	PMP	PMPE	DENTRO PERIODO LEGAL		FORA PERIODO LEGAL	
			Nº PAGOS	IMPORTE	Nº PAGOS	IMPORTE
Gastos en Bienes Corrientes y servicios	151,17	150,63	328	286.187,75	1.040	600.661,85
20.- Arrendamientos y Cánones	60,93	240,05	31	101.013,77	40	16.884,68
21.- Reparación, Mantenimiento y Conservación	193,49	147,00	20	6.840,36	163	77.996,15
22.- Material, Suministro y Otros	161,47	148,20	277	178.333,62	837	505.781,02
23.- Indemnización por razón del servicio						
24.- Gasto de Publicaciones						
26.- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro						
27.- Gastos imprevistos y funciones no clasificadas						
2.- Sin desagregar						
Pendientes aplicar a presupuesto						
Inversiones reales	78,17	55,14	6	84.904,67	6	82.736,88
Otros pagos pdtes por operacións comerciais aplicados ao presupuesto	628,00	568,00			1	1.000,00
Sen desagregar						
TOTAL operaciones pendientes de pago a final del trimestre	140,03	139,69	334	371.092,42	1.047	684.398,73

b) Intereses de demora pagados no trimestre

INTERESES DEMORA PAGADOS NO CARTO TRIMESTRE 2014	INTERESES DE DEMORA PAGADOS	
	Nº PAGOS	IMPORTE TOTAL INTERESES
Gastos en Bienes Corrientes y servicios	0	0
Inversiones reales	0	0
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0	0
Sin desagregar	0	0
TOTAL	0	0

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre

FRAS PENDENTES DE PAGO AO REMATE DO CARTO TRIMESTRE DO 2014	PMP	PMPE	DENTRO PERIODO LEGAL		FORA PERIODO LEGAL	
			Nº PAGOS	IMPORTE	Nº PAGOS	IMPORTE

Gastos en bens correntes e servizos	120,10	128,40	496	262.082,90	845	371.826,22
20.- Arrendamentos e cánones	73,53	40,41	33	3.336,60	21	4.930,26
21.- Reparación, Mantemento e Conservación	142,08	121,84	65	29.054,66	159	81.380,29
22.- Material, Suministro e Outros	116,60	132,84	393	224.130,63	660	279.137,70
23.- Indemnización por razón do servizo						
24.- Gasto de publicacións						
26.- Traballos realizados por institucións sen f. de lucro						
27.- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas						
2.- Sen desagregar	96,67	86,05	5	5.561,01	5	6.377,97
Pendientes aplicar ao presuposto						
Investimentos reais	163,30	207,97	12	33.392,56	15	58.861,16
Outros pagos realizados por operacións comerciais						
Sen desagregar	5		1	369,05		
TOTAL operacións pendentes de pago ao final do trimestre	125,53	139,28	509	295.844,51	860	430.687,38

d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos que, ao final do trimestre natural, transcurran máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaran os expedientes de recoñecemento da obriga

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, deixa sen efecto o artigo 5 de Lei 15/2010 (véase Disposición Derrogatoria)

Agora a Lei 25/2013 prevé no artigo 10 que os órganos que teñan atribuída a función de contabilidade nas AAPP elaborarán un informe trimestral coa relación de facturas respecto as cales transcurran máis de tres meses dende que foran anotadas no rexistro e respecto das que non se recoñecera a obriga. Este informe será remitido dentro dos quince días seguintes a cada trimestre natural ao órgano de control interno. Pola súa banda, o art. 12 do mesmo texto legal dispón que "anualmente o órgano de control interno elaborará un informe no que evaluará o cumprimento da normativa en materia de morosidade. No caso das EELL, este informe elevarase ao Pleno"

FACTURAS DAS QUE, AO FINAL DO CARTO TRIMESTRE DE 2014, TRANSCURRIRAN MÁIS DE TRES MESES DENTE A SÚA ANOTACION NO REXISTRO DE FACTURAS E NON SE RECOÑECERAS AS OBRIGAS	PERÍODO OPERACIONS PENDENTES RECOÑECER	MEDIO	PDTE RECOÑECIMENTO OBRIGAS	
			Nº PAGOS	IMPORTE TOTAL
Gastos en bens correntes e servizos		185,52	448	125.955,16
Investimentos reais		414	1	27824,16
Sen desagregar				
TOTAL		226,85	449	153.779,32

V. REMISION DOS INFORMES TRIMESTRAIS POLAS ENTIDADES LOCAIS

As entidades locais deberán grabar a información descrita nos apartados anteriores, a través da aplicación da Oficina Virtual para Coordinación Financeira coas Entidades Locais, accesible no Portal do Ministerio de Hacienda y AA.PP., e proceder á súa tramitación telemática con firma electrónica.

Sen perxuízo da súa presentación e debate no Pleno da Corporación, o presente informe deberá remitirse, ademais, ao órgano que, teña atribuída a tutela das Entidades locais (Dirección Xeral de Política Financiera e Tesouro da Xunta de Galicia), así como ao Consello de Contas

Rianxo, 30 de xaneiro de 2015

A Tesourería,
Asdo.: Paloma Caínzos Orduna>>

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

4.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA Nº 77/2015, 78/2015, 79/2015 DE 27/02/2015, CORRESPONDENTES AS MODIFICACIONES DE DELEGACIÓNS CONCELEIROS E TENENTES DE ALCALDÍA

O Sr. Alcalde da conta das Resolucións da alcaldía facilitadas aos membros do pleno

corporativo.

<<Decreto Nº 77/ 2015

REF. MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA GOB.LOCAL

Ante o falecemento o pasado día 20/02/2015 do concelleiro D. Jose Carlos Gey Hermo, membro da Xunta de Goberno Local, esta Alcaldía estima conveniente nomear un novo membro.

Polo exposto, considerando que a XGL é un órgano integrado polo Alcalde e un número de concelleiros non superior a un tercio do número legal (actualmente 17), sendo nomeados e separados libremente pola Alcaldía, tendo en conta que as súas funcións son as de asistencia ao Alcalde no uso das súas atribucións e o exercizo daquelas atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue, amén das que lle puideran atribuír directamente as leis (artigo 23 da lei 7/1985, e 52 e 53 do RD.2568/1986). As atribucións que se deleguen na Xunta de Goberno Local exerceranse de conformidade co previsto nos artigos 114 a 118 do Rd.2568/1986.

Dito esto, e vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o Rd.2568/1986 xa mencionado, en tanto non foran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía no exercizo da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986, **RESOLVO:**

Primeiro: Modificar a Resolución da Alcaldía nº 912/2011, do día 27 de xuño de xeito que a Xunta de Goberno Local do Ilmo Concello de Rianxo, estará formada por este Alcalde e os cinco concelleiros/as que se indican:

- D. JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO
- D^a. ADELINA CES QUINTANS
- D^a SONIA CASTAÑO EIRAS
- D. CONSTANTINO CASTAÑO CALVO
- D.^a MARIA OLGA GONZALEZ DOURADO

Segundo: A presente resolución surtirá efecto dende o día da súa data, sen perxuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e notificarase os membros da Xunta de Goberno Local aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF.

Terceiro: Da presente resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ao previsto no art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Rianxo, 27 de febreiro de 2015

O Alcalde
Adolfo F. Muíños Sánchez

Ante min, a Secretaria
Carolina Costoya Pardo

Decreto Nº. 78/ 2015

REF. MODIFICACIÓN DE NOMEAMENTO TTES.ALCALDE

Ante o falecemento o pasado día 20/02/2015 do concelleiro D. José Carlos Gey Hermo, a sazón Primer Tenente de Alcalde, esta Alcaldía estima conveniente efectuar unha nova designación dos Tenentes de Alcalde.

Considerando que de conformidade co disposto polos artigos 20.1.a), 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 46 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigos 62 e 63, a designación dos Tenentes de Alcalde é competencia desta Alcaldía.

En virtude do exposto e en uso das atribucións que me confire a lexislación anteriormente mencionada, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear como Tenentes de Alcalde os/as seguintes Concelleiros/as, membros da Xunta de Goberno Local, pola orde que se indica:

- Primeira Tenente de alcalde: D. JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO
- Segundo Tenente de Alcalde: D^a. Adelina CES QUINTÁNS
- Terceiro Tenente de Alcalde: D. SONIA CASTAÑO EIRAS

Segundo.- Corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, o Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Terceiro.- Comunicar este Decreto aos Tenentes de Alcalde nomeados, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta o Pleno do Concello na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, ser perxuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

Rianxo, 27 de febreiro de 2015

O Alcalde
Adolfo F. Muíños Sánchez

A Secretaria que dou fe,
Carolina Costoya Pardo

Decreto Nº. 79/ 2015

REF. MODIFICACIÓN DELEGACIONES CONCELEIROS.

Ante o falecemento o pasado día 20/02/2015 do concelleiro D. José Carlos Gey Hermo, a sazón Primer Tenente de Alcalde, procédese a redistribuír as concellerías delegadas que este tiña atribuídas.

O artigo 23 da Lei 7/1985 de bases de Réxime Local permite á Alcaldía delegar o exercizo de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das delegacións especiais para cometidos específicos en favor de calquera concelleiro, aínda que non formaran parte de dito órgano.

No tocante ás mencionadas delegacións, e ao abeiro dos artigos 43, 44 e 121 do Rd.2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización e funcionamento das Corporacións Locais, indicar:

- Delegacións xenéricas: referiranse a unha ou varias áreas determinadas, e poderán comprender as facultades de dirixir os servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída no seu caso a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.
- Delegacións especiais: un dos supostos de delegacións deste tipo son as relativas a un determinado servizo. Neste caso a delegación comprendera a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sen incluír a facultade de resolver. O exercizo desta delegación poderá ser supervisada polo concelleiro con delegación xenérica.

A realización das delegacións efectuarase por Resolución da Alcaldía, determinándose o ámbito dos asuntos aos que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, e as condicións específicas do exercizo das mesmas.

De conformidade co artigo 115 do Rd.2568/1986, a Alcaldía como órgano delegante conserva as facultades seguintes respecto das delegacións conferidas:

- a de recibir información detallada da xestión da competencia delegada, e de incluírse tamén dos actos e disposición emanados polo delegado.
- A de ser informado previamente a adopción de decisións de especial transcendencia.
- A de considerarse ditados pola Alcaldía os actos do órgano delegante, a efectos da interposición de recursos, agás expresa delegación.

Dito esto, vistas as atribucións que corresponden á Alcaldía segundo o artigo 21 da Lei 7/1985, así como os concordantes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Rd.781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, o Rd.2568/1986 xa mencionado, en tanto non foran afectados polas modificacións efectuadas na Lei 7/1985, e demais normativa básica vixente, considerando unicamente aquelas atribucións e facultades delegables, esta Alcaldía no exercizo da competencia que lle outorga o artigo 44 do RD.2568/1986,

RESOLVO:

Primeiro: Efectuar a seguinte modificación das seguintes DELEGACIÓNS ESPECIAIS en pro dos concelleiros que a seguir se indican, para os servizos que se corresponden con:

- D. JOAQUÍN DOMÍNGUEZ SALGADO: Deportes e Saúde, Urbanismo, Industria, Comercio, Mar e Novas Tecnoloxías.
- D^a. SONIA CASTAÑO EIRAS: Economía e facenda así como Recadación.

Segundo: As delegacións conferidas abrangueran a dirección interna e xestión dos servizos incluídos, agás a facultade de resolver, e exerceranse garantindo en todo caso, a unidade de goberno na xestión municipal, e axustándose ao disposto no artigo 115 do Rd.2568/1986 antedito.

En ningún caso o concelleiro-delegado poderá delegar a súa vez a delegación outorgada.

Terceiro.- A Alcaldía, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución ser perxuízo da súa avocación conforme á lexislación de procedemento administrativo común.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, aos efectos do artigo 114 do ROF que esixe, para á eficacia da delegación, a súa *aceptación por parte do delegado*, entendéndose tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación, e publicárase no *Boletín Oficial da Provincia*, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente Resolución.

Rianxo, 27 de febreiro de 2015

O Alcalde
Adolfo F. Muíños Sánchez

A Secretaria que dou fe,
Carolina Costoya Pardo>>

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

5.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN Nº 109/2015, SOBOR DA EXCLUSIÓN DA OBRIGA DE FACTURACIÓN ELECTRÓNICA POR IMPORTE IGUAL OU INFERIOR A 5.000€.

O Sr. Alcalde da conta da Resolucións da alcaldía facilitada aos membros do pleno corporativo.

<<DECRETO 109/2015

REF: EXCLUSIÓN DA OBRIGA DE FACTURACIÓN ELECTRÓNICAS

A disposición derradeira oitava da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, establece que o seu artigo 4, regulador do uso da antedita factura no sector público, entra en vigor o 15 de xaneiro de 2015.

O derradeiro parágrafo dese artigo faculta ás Administracións Públicas para excluír regulamentariamente da obrigación de facturación electrónica as facturas cuxo importe sexa de ata 5.000 euros.

Nas bases de execución que figuran no proxecto do orzamento para 2015 figura na número 14.c)5 que *“De acordo co artigo 4 Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e a creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, aquelas facturas de importe igual ou inferior a 5.000 € estarán exentas de presentarse a través do Punto xeral de entrada das facturas electrónicas, podendo seguir coa presentación tradicional en soporte papel a través do Rexistro do concello”*.

Actualmente, as empresas, especialmente as de menor entidade, están tendo moitos problemas para a remisión electrónica das facturas. Por outra parte, a propia aplicación informática de contabilidade está presentando numerosas incidencias, o que está impedindo a súa tramitación.

A Intervención Municipal emite o 12/03/2015 un informe do que se transcribe a súa fundamentación xurídica:

“3. INFORME

Primeiro: Procedemento para excluír da obriga de factura electrónica

A Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no Sector Público regula no seu artigo 4 o uso da factura electrónica no Sector Público:

*“Todos os provedores fque entregasen bens ou prestasen servizos á Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica. **En todo caso, estarán obrigadas ao uso da factura electrónica e á súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda as seguintes entidades:***

- a) Sociedades anónimas*
- b) Sociedades de responsabilidade limitada*
- c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española*
- d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria*
- e) Unións temporais de empresas*
- f) Agrupación de interese económico, agrupación de interese económico europea, fondo de pensións, fondo de capital risco, fondo de investimentos, fondo de utilización de activos, fondo de regularización do mercado hipotecario, fondo de titulación hipotecaria ou fondo de garantía de investimentos.*

Non obstante, as Administracións Públicas poderán excluír regulamentariamente desta obriga de facturación electrónica ás facturas de importe de ata 5.000 euros e ás emitidas polos provedores aos servizos no exterior das Administracións Públicas ata que as ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada das facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos ditos servizos”.

A expresión “reglamentariamente” fai referencia á potestade regulamentaria da Administración (artigo 4.1.a) LBRL) que nos concellos maniféstase a través dos regulamentos e ordenanzas. O procedemento está previsto no artigo 49 LBRL:

“A aprobación das Ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial polo Pleno*
- b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións*
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.*

No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional”.

Por outra parte, as bases de execución do orzamento ás que a doutrina atribúe carácter regulamentario, é tamén un instrumento axeitado para a previsión desta excepción, xa que é un documento complementario do orzamento que regulan aspectos da xestión orzamentaria, como é a tramitación das facturas. O procedemento de aprobación das bases de execución é o propio do expediente orzamentario, do que forman parte (artigos 168 e 169 TRLFL)

- Aprobación inicial do Pleno*
- Exposición pública*
- Resolución de alegacións e aprobación definitiva polo Pleno, no caso de que as houbera*
- Publicación da aprobación definitiva*

Os trámites comúns a ambas posibilidades de prever a exclusión da obriga de facturación electrónica son a aprobación polo Pleno e a exposición pública, polo que entendo que o órgano competente, en calquera caso debe ser o Pleno.

Segundo: Xustificación da competencia da Alcaldía

Os motivos argüídos na proposta da Alcaldía son os seguintes:

- Dificultades das empresas na emisión da factura electrónica*
- Dificultades técnicas do concello para a súa tramitación*

É certo que nestes momentos a causa de problemas informáticos non é posible a tramitación das facturas electrónicas por motivos imputables á Administración e que están sendo solventados xunto co soporte de asistencia técnica da Deputación Provincial. Considero que este si sería un motivo xustificativo para a exclusión da obriga da facturación electrónica, con carácter xeral, co fin de non demorar os pagamentos aos provedores.

En canto ao argumento das dificultades dos provedores, se ben trátase dun motivo xustificativo suficiente para a exención da obriga de facturación electrónica, entendo que deberá realizarse de acordo co procedemento establecido, no que o órgano competente é o Pleno. A aprobación polo alcalde daría lugar a un acordo no que concorre un motivo de nulidade de pleno dereito por ser un órgano manifestamente incompetente por razón da materia (artigo 62.1.b) LRXPAC)

4. CONCLUSIÓN

Esta Intervención considera que a exclusión da obriga de facturación electrónica estaría xustificada a calquera provedor polo tempo no que persistisen as causas técnicas que imposibilitan a tramitación das facturas electrónicas. Considero que a xustificación baseada nas dificultades das empresas na emisión destas facturas é suficiente para tramitar o procedemento previsto legalmente no que o órgano competente é o Pleno. Neste caso, a aprobación pola Alcaldía daría lugar a un acordo no que concorre un suposto de nulidade de pleno dereito, de acordo co artigo 62.1.b) LRXPAC, motivo polo cal infórmase desfavorablemente.”

Por motivos de urxencia, con carácter transitorio ata que o Pleno resolva regulamentariamente sobre a cuestión, entendo que está cumpridamente xustifico que a Alcaldía adopte a medida cautelar de excluír da obrigación de facturación electrónica ás anteditas facturas de ata 5.000 €, todo iso coa finalidade de facilitarlles ás pequenas e medianas empresas a adaptación ao uso das novas tecnoloxías e de minorar as incomodidades e prexuízos que aquela novidade legal significa.

ACORDO:

Primeiro: Excluir da obriga da facturación electrónica as facturas de provedores do Concello de Rianxo por importe igual ou inferior a 5.000 €. Aquelas facturas que xa foran presentadas en soporte papel, daráselles trámite en base a este acordo, sen necesidade de volver a presentalas novamente.

Segundo: Dar conta deste acordo á Intervención Municipal

Rianxo, 12 de marzo de 2015

O alcalde
Adolfo F. Muíños Sánchez

A secretaria
Carolina Costoya Pardo>>

Ábrese o **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que van a apoiar e que por favor, o goberno municipal adopte as medidas para que se pague en prazo.

A vicevoceira do PSOE, D.^a Sonia Castaño Eiras, non intervén. No seu lugar, o 1º tenente de alcalde, D. Joaquin Dominguez Salgado di que é bo para facilitar a tramitación ás pequenas empresas

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que van a apoiar.

Sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN** sendo **APROBADA** por unanimidade dos 12 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

6º.- APROBACIÓN SI PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL, CADRO DE PERSOAL, E LIMITE DO GASTO NON FINANCEIRO PARA O EXERCIZO DO 2015.

Incorporase a sesión plenaria JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE SENDO AS 20:13 H.

O Sr. Alcalde da conta da proposta facilitada aos membros do pleno corporativo.

<<Dada conta do expediente tramitado para a aprobación, de ser o caso, do orzamento desta entidade, formado para o exercicio de 2015 polo alcalde deste Concello.

Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165, 166 e 168 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Á Intervención Municipal emitiu o 27/02/2015 o informe ao orzamento así como o informe de avaliación do cumprimento polo orzamento definitivo dos obxectivos da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio de 2015, do que o resumo por capítulos é o que se detalla:

Estado de gastos:

CAP	CI
1	2.464.355,01
2	3.051.988,00
3	131.365,47

4	127.836,61
6	709.298,62
8	2.000,00
9	860.000
Total	7.346.843,71

Estado de ingresos:

CAP	PI
1	2.212.006,83
2	86.148,89
3	1.380.724,57
4	3.017.692,24
5	1.000,00
7	432.486,04
8	2.000,00
9	214.785,14
Total	7.346.843,71

Segundo: Dar conta do informe de avaliación do cumprimento dos obxectivos da LOEOSF e aprobar o límite de gasto non financeiro por 6.176.276,84 €, de acordo co seu artigo 30. Este límite máximo ten en conta os gastos financiados coas subvencións previstas no orzamento. No caso de que, como consecuencia da concesión de novas subvencións durante o exercicio e, incremento do gasto financeiro, só computarase a achega municipal, xa que o gasto financiado con subvención non supón un incumprimento da regra de gasto.

Terceiro.- Aprobar inicialmente o cadro de persoal

FUNCIONARIOS DE CARREIRA				
<u>ESCALA DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER ESTATAL</u>				
Nº	Denominación	Grupo	C.D.	Titularidade/ Situación administrativa
1	Secretaria	A1	28	1 Propiedade ocupada polo titular do posto
1	Interventora	A1	28	1 Vacante ocupada nomeamento provisional
1	Tesoureiro	A1	28	1 Vacante ocupada en comisión de servizos
<u>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL</u>				
a) Subescala Técnica:				
1	Técnico Administración Xeral	A2	26	1 Vacante non ocupada
b) Subescala de auxiliares:				
2	Auxiliares administrativos	C2	18	2 ocupadas x titulares das prazas
1	Administrativo (reservada a segunda actividade Policía Local)	C1	18	1 ocupada por Policía Local en segunda actividade
1	Axente Recadador	C2	18	1 Vacante ocupada por Func. interino.
<u>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</u>				
a) Subescala Técnica:				
1	Arquitecto	A1	26	1 Vacante non ocupada
1	Arquitecto técnico	A2	26	1 ocupada polo titular da praza
b) Subescala de servizos especiais:				
1	Inspector	A2	22	1 ocupada polo titular da praza
2	Oficial Policía (1 reservada a segunda actividade)	C1	18	1 ocupada polo titular da praza 1 vacante non ocupada

8	Policías Municipais	C1	18	6 ocupadas polos titulares das prazas
3	Conserxes	Agrup.Prof.	14	2 vacantes / 1 ocupada en CS outra non ocupada
1	Operario de Servizos Varredor(conserxe pavillón)	Agrup.Prof.	14	3 ocupadas polos titulares das prazas
1				1 ocupada polo titular da praza
PERSOAL LABORAL FIXO				
Nº	Denominación	Categoría	Tipo	Observacións
DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN XERAL (SAX)				
(SAX)Unidade de servizos xerais de secretaría.				
1	Administrativo Oficinas	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 01)
(SAX) Unidade de atención ó público, rexistro e padrón.				
1	Auxiliar administrativos	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 02)
(SAX) Servizo de informática				
1	Técnico superior de Informática (enseñeiro inform)	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 03)
(SAX) Unidade de persoal e desenvolvemento local				
1	Técnico local de emprego e desenvolvemento local (AEDL)	I	Fixo	Vacante(PEEPR nº 05)
DEPARTAMENTO DE URBANISMO (DU)				
1	Auxiliar administrativo	IV	Fixo	Vacante(PEEPR nº 06)
DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS (DOSB)				
1	Operarios servizos múltiples-oficinas	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 04)
1	Mecánico	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 08)
1	Soldador- condutor	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 09)
1	Operario Cemiterio e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 10)
(DOSB) unidade de parques e xardíns.				
1	Operario parques e Xardíns	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 11)
(DOSB) unidade de mantemento e limpeza de bens municipais				
2	Operarias limpeza	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 12,13)
5	Operarias limpeza	V	Fixo,T.Parc.	Vacante (PEEPR nº 14,16,17, 18,19)
(DOSB) unidade de obras				
1	Encargado Obras e Servizos Básicos	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 20)
DEPARTAMENTO DE DEPORTES (DD)				
2	Animadores Deportivos (Técnico-monitor e animador deportivo)	III	Fixo	Vacante (PEEPR nº 22 e 23)
1	Operario (apoio pavillóns)	V	Fixo	Vacante (PEEPR nº 24)
1	Conserxe Pavillón	V	Fixo	Vacante(PEEPR nº 25)
DEPARTAMENTO DE XUVENTUDE (DXU)				
(DXU) unidade de dinamización xuvenil				
1	Responsable oficina información xuvenil (Técnico Información Xuvenil)	III	Fixo	Vacante(PEEPR nº 26)
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CULTURA (DEC)				
1	Técnico Animador cultura- auxiliar ASC	IV	Fixo	Propiedade
(DEC) unidade de biblioteca				

1	Auxiliar Biblioteca	IV	Fixo	Vacante (PEEPR nº 27)
(DEC) Unidade de educación de adultos				
1	Mestre Educación Adultos	II	Fixo,T.Parc.	Vacante(PEEPR nº 28)
1	Mestre auxiliar Educación Adultos	III	Fixo,T.Parc.	Vacante(PEEPR nº 29)
DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE (DBSI)				
1	Técnico Medio de Servizos Sociais	II	Fixo	Vacante (PEEPR nº 30)
(DBSI) unidade de atención primaria				
2	Auxiliar axuda no Fogar	V	Fixo,T. Parc	Vacante(PEEPR nº 31,32)
(DBSI) unidade de atención psicopedagóxica				
1	Pedagogo	I	Fixo	Vacante (PEEPR nº 33)
1	Monitor Manualidades	IV	Fixo,T.Parc.	Vacante(PEEPR nº 34)
DEPARTAMENTO DE TURISMO E MEDIOAMBIENTE				
1	Educador ambiental e turístico	II	Fixo	Vacante PEEPR nº 35)
1	Técnico Medio de Actividades	II	Fixo	Vacante(PEEPR nº 36)
OUTRO PERSOAL LABORAL				
Nº	Denominación obra ou servizo- en condición de:	Categoría		
2	Condutores	V		
1	Oficial 1ª	V		
4	Auxiliar axuda no Fogar	V		
1	Conductor Ambulancia	V		
1	Auxiliar Admtvo Servizos Sociais	IV		
1	Axente Auxiliar de Desenv. Local	II		
2	Auxiliares Recadación	IV		
2	Animador Cultural	II		
1	Administrativo Obras	III		
1	Auxiliar administrativo (Oficinas Xerais)	IV		
1	Bedel Biblioteca	V		
3	Peóns Xardinería	V		
1	Carpinteiro	V		
1	Fontaneiro	V		
1	Auxiliar Oficinas Intervención (Tec. Informática Xestión)	III		
1	Tco.Licenc.Empresariais Intervención	I		
1	Monitor Deportivo	III		
1	Peón Carpinteiro	V		
1	Educadora Familiar	II		

1	Traballadora Social	II		
2	Auxiliares de Policía	IV		
POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO				
1	Arquitecto ARI	I		
1	Auxiliar administrativo ARI	IV		

Cuarto.- Que se expoñan o orzamento e o cadro de persoal polo prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Quinto: Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o presente acordo de aprobación inicial do orzamento e do cadro de persoal consideraranse definitivamente aprobados, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal e a relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 169.3 do repetido Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

Sexto: Coa entrada en vigor do orzamento deberán anularse os expedientes de modificación orzamentarias seguintes: transferencias de crédito 2 e 6/2015 e a xeración de crédito 1/2015 así como todas aquelas modificacións que se realicen antes da vixencia do orzamento e estean incluídas nas previsións iniciais.

Rianxo, 4 de marzo de 2015>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO, do día 18/03/2015, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE:**

A alcaldía comeza a súa exposición dando os parabéns para todos e todas. Di que este orzamento supón a última entrega ao crédito subscrito no ano 2009. Deixa saldado e finiquitado un plan leonino de axuste que nos levou a pagar nestes últimos anos case seis millóns de euros, a razón de un millón anual. E foi a base de contención e pasalo mal, aguantar, pero sen lugar a dúbidas podemos dicir que queda neste último orzamento deste mandato un estado económico moito mellor e que permite encarar dunha maneira optimista o futuro das arcas municipais. Trátase dun proxecto na liña progresiva dos anos anteriores, cun orzamento realista e coherente, equilibrando os gastos e ingresos e suficiente como ben sostén o informe económico financeiro para a cobertura dos gastos e a sostibilidade financeira. Nunha liña ascendente desde o ano anterior que vai desde os 7.079.721 aos 7.346.843,71 euros do actual. Seguimos no bo camiño e recollen novamente o importante compromiso de amortización do capital que se adebeda, co horizonte deste 2015 como remate do plan de saneamento encetado no ano 2009. Importante por canto no orzamento se recolle nada máis e nada menos que a redución do que se debe á banca dos últimos 860.000 mil euros, pagando así a totalidade dun crédito a seis anos que veu marcando os catro últimos orzamentos dunha maneira brutal. Con estas medidas a débeda viva pasou nestes últimos anos de diminuír do 100 por cen ao 20 % por cento neste fin de ano.

Que non poderemos facer no Concello en vez de dalo aos bancos poder dispoñer dese millón que dedicamos ano a ano nestes últimos catro a investimento máis produtivo por ter devolto o empréstamo? Poder realizar investimento propio sen depender de subvencións alleas, realizar programas de actuación a medio e longo prazo... Que non se poderá realizar co que hoxe ia aos bancos.

Recuperamos así unha autonomía financeira como concello que non tiñamos.

Entregamos con este orzamento e superando as análises de control de todas as

administracións que nos supervisan: Tribunal de Contas, Consello de Contas, Estado, Xunta e Deputación, pouco sospeitosas (son do PP) de afinidades con este equipo de goberno e avalan as contas presentadas e certifican o avance en conseguir a solvencia financeira do Concello e o cumprimento xeral dos plans.

Os orzamentos recollen diferentes apartados: Memoria Alcaldía, Informe económico financeiro, estado ingresos e gastos, liquidación 2014, anexos persoal, bases de execución, avaliación grao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria...

Estes Orzamentos queren seguir as indicacións aprobadas de xestión dos ingresos e na contención dos gastos correntes baixando o acelerador e permitíndonos o luxo, que non é tal senón un acto de xustiza, de introducir medidas fiscais de rebaixas para familias, vivendas e fomento empresarial, e dous anos seguidos de conxelación real dos impostos (nin sequera IPC). E todo sen renunciar a manter prestacións e servizos para a veciñanza de Rianxo até onde nos sexa posíbel.

Di que non somos meros contables, que para cadrar os números está Montoro, nós queremos seguir dando servizos aínda que supoña ás veces incumprir ou demorar que cadren os números.

A vontade do equipo de goberno é soste prestacións sociais aínda que fallen os recursos doutras administracións. De manter os postos de traballo nesta empresa que é a maior do concello porque é a única garantía de mantemento de actuacións, de obras ou de servizos para os veciños de Rianxo cando se nos cortan os investimentos de fora. De empregar todos os recursos posíbeis en xerar emprego directo: con programas de cooperación, coas brigadas forestais, coa escola taller, contratando cando hai baixas con listas de agarda... Até 47 persoas se solicitan, prevendo incorporar uns corenta alomenos segundo as cifras do ano anterior.

Mantemos as axudas e subvencións coas entidades sociais, culturais, deportivas e festivas do concello, agardando ir mellorando pouco a pouco esa colaboración hoxe limitada polo plan de axuste antes mencionado e que non me cansarei de repetir van rematar as trabas con este ano que comeza.

Os investimentos desde fora, doutras administracións son poucos, sempre escasos para Rianxo como para outros concellos. Aínda así este ano irán até os 709.298 euros. Saneamento Casilla segunda fase, Saneamento Outeiro, Cuberta do Concello, Mobiliario e Acondicionamento Liceo, entre outras actuacións a cargo da Brigada de Obras Municipal previstas como a o abastecemento no Barral, segunda fase de Dorna, etc.

Son só algunhas mais remato dicindo que debemos parabenizarnos porque avalamos con estas contas o estado dun concello despois de catro anos mellor para calquera corporación futura.

O alcalde cede a palabra aos voceiros dos partidos municipais.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, comeza a súa intervención:

Asistimos hoxe ao último Capítulo dunha historia que ben se podería incardinar no xénero da comedia senón fora porque estamos a falar de algo tan serio como son as contas públicas de tódolos rianxeiros. Realmente actúa vostede segundo as notas distintivas que caracterizan o seu xeito de facer as cousas: tarde, mal e arrastro.

- Tarde, porque incumpriu vostede a obriga de presentar a este Pleno o seu proxecto de orzamentos nos últimos meses do ano pasado, de xeito que o orzamento que agora pretende aprobar inicialmente xa debería estar en vigor desde o día un de xaneiro de 2015.

- Mal, porque, a pesares de que os orzamentos que presenta, cumpren formalmente co principio de estabilidade orzamentaria, NON CUMPREN CO OBXECTIVO CONTEMPLADO NO PLAN DE AXUSTE 2012-2022, que fixaba para o exercicio 2015 acadar unha capacidade de financiamento do 15,68%. É dicir, está vostede a incumprir, unha vez máis, os compromisos asumidos por vostede ante este Pleno e ante outras administracións. Este dato non o estou a inventar, Señor Alcalde, senón que se desprende dos propios informes emitidos pola Intervención Municipal.

Este incumprimento dos compromisos que vostede voluntariamente asumiu non é algo novo. Dos propios informes que obran no expediente que vostede agora nos presenta se desprende que O CONCELLO DE RIANXO VAI A PECHAR O ORZAMENTO DE 2014 CON REMANENTE DE TESOURERÍA NEGATIVO, o que vai a obrigar a este Concello a aprobar un Plan Económico Financeiro que garanta a corrección deste desequilibrio. Este dato só se explica como consecuencia da disparatada xestión económica que está a levar a cabo o seu goberno. Como se lle recorda constantemente desde os órganos municipais encargados da fiscalización, o seu goberno adquire compromisos de gasto sen preocuparse de si existe ou non consignación orzamentaria para elo. Todo isto por non falar dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos que vostede con demasiada frecuencia trae a este Pleno para tratar de recoñecer gastos realizados ao marxe de calquera tipo de procedemento.

Este anómalo xeito de xestionar é o que está facendo que se acendan para o Concello de Rianxo tódalas luces vermellas que advirten acerca dunha xestión perniciosa para os intereses xerais dos rianxeiros. Agora é o remanente de tesourería negativo, onte era o incumprimento dos prazos de pagamento a provedores e maná serán as facturas que se lle acumulan sen poder ser recoñecidas porque non se fixo con carácter previo a retención do crédito.

Os órganos de control interno lle están advertindo unha vez máis acerca de que o período medio de pagamento está moi lonxe do establecido pola normativa de morosidade. Segundo os propios informes dos que vostede é destinatario resulta que a situación, lonxe de mellorar, empeora día a día e así mentres no terceiro trimestre de 2014 vostedes tardaban en pagar unha media de 67,28 días, no cuarto trimestre de 2014 o atraso xa ascendía a 76,78 días, fronte aos 30 días que establece a lei como período máximo. Este incumprimento obrígalle a adoptar medidas que impliquen incremento de ingresos, redución de gastos ou melloras na xestión, pero a pesar dos reiterados informes, vostede non adopta ningunha medida como se a cousa non fora con vostede.

E volto co equilibrio orzamentario, señor Alcalde. Dicía antes que os orzamentos que vostede presenta cumpren formalmente co principio de estabilidade orzamentaria. E digo formalmente porque o papel o aguanta todo, pero a realidade, cando se trata de vostede, é ben distinta. A propia Intervención municipal lle está advertido que estes orzamentos que vostede nos trae con patente retraso van a liquidarse con incumprimento da regra de gasto, o que vai a obrigar a o concello a aprobar un Plan Económico Financeiro.

Como lle dicía o papel o aguanta todo, pero vostede sabe que os créditos que vostede consigna no Capítulo II non abundan para cubrir os gastos que vostede veu facendo nos exercicios anteriores. Isto vai a volver a motivar que ao final de ano se acumulen un importante número de facturas que non poden ser contabilizadas porque a pesar de terse esgotado os créditos previstos vostede segue a gastar o que non hai. Isto só ten unha solución que non é outra que unha mellor disciplina económica.

- Dicía antes que o seu modo de encarar os problemas é sempre o mesmo: tarde, mal e arrastro. Xa lle dín unha boa mostra de porque digo tarde e mal. Agora lle vou a explicar porque digo tamén arrastro. Arrastro e como está deixando vostede ao Concello de Rianxo

e a tódolos rianxeiros que van a ter que pagar durante anos a súa nefasta xestión económica.

Chegados a este punto, señor Alcalde, vou a pedirlle que reconsidere a súa decisión de presentar a este Pleno un proxecto de orzamentos para o exercicio en curso.

Señor Alcalde, ¿que sentido ten que presente os orzamentos neste momento?. Como quedou dito, vostede xa incumpriu con creces o prazo establecido para presentalos. Se temos en conta os trámites que teñen que seguirse, de aprobarse estes orzamentos, entrarían en vigor nos últimos días do seu mandato.

Sucede, señor Muíños, que das eleccións que se van a celebrar o vindeiro 24 de maio vai a saír con toda seguridade un novo goberno para Rianxo. Ese goberno municipal vai a ter que remediar a desfeita que deixan vostedes. Deixe a ese goberno que tome as decisións que considere máis acaídas e non lle imponha uns orzamentos que poden hipotecar a súa capacidade de manobra. Deixe o seu proxecto de orzamentos enriba da mesa para que o novo goberno municipal que salga das eleccións teña as mans libres para actuar.

Por todas estas razóns, señor Muíños, non imos a entrar a debater polo miúdo as distintas partidas que se conteñen no seu proxecto de orzamentos. Queda claro que non son os nosos orzamentos porque os mesmos, lonxe de contribuír a mellorar a situación das contas municipais, sen ningunha dúbida a van a empeorar – só hai que ler cun pouco de detemento os informes da Intervención – Rianxo merece outros orzamentos, pero sobre todo merece outro goberno, un goberno que sexa capaz de mirar á cara aos veciños e resolver os seus problemas. Rianxo terá ese goberno despois do 24 de maio.

A vicevoceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE Sonia Castaño Eiras di que a devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA E FACENDA.

O orzamento municipal de este ano cífrase en 7.346.843,71 €, sube lixeiramente con respecto o do 2014 -aumenta en 267.121,76 euros-. Trátase dun proxecto na liña dos anos anteriores, cun orzamento equilibrado nos gastos e ingresos e, están baseados na prudencia e na contención.

Comezando polas PREVISIÓN DE INGRESOS, indicar que se seguiron criterios realistas e obxectivos, atendendo ao principio de prudencia, así, tal e como se recolle no informe de intervención, para a elaboración do capítulo de ingresos atendeuse fundamentalmente aos dereitos liquidados no exercicio anterior, no momento da elaboración do documento.

En canto ao estado de gastos:

GASTOS DE PERSOAL: De acordo co cadro de persoal e coas retribucións que lle corresponden, o capítulo de gastos de persoal continúa manténdose practicamente na mesma cuantía, cumpríndose así o establecido na lei que impide o incremento do persoal ao servizo do sector público.

GASTOS DE BENS E SERVIZOS: 3.051.988 €

Contémpnanse as partidas necesarias para a acción social, continuar co programa de atención e axuda no fogar así como no apartado de Igualdade e de emerxencia social. Continuase apostando pola formación en mozos e adultos con programas e cursos. En deportes, continuase apoiando o deporte base e ás entidades deportivas do Concello, así como os programas deportivos dedicados á xente maior. En cultura continuase apoiando as iniciativas dos diferentes colectivos culturais do concello ao tempo de configurar un

importante programa anual cultural. Obras e Servizos, Emprego, Medio Ambiente, Turismo, Comercio, Industria, Novas Tecnoloxías, Mar e Urbanismo contan con partidas neste orzamento.

É dicir, A vontade do equipo de goberno é soste as prestacións sociais, culturais, deportivas e festivas do concello, aínda que fallen os recursos doutras administracións.

CAPITULO III e IX GASTOS FINANCIEROS e PASIVOS FINANCIEROS Inclúe a amortización dos préstamos e os pagos dos xuros mais de outros gastos financeiros. Neste exercicio ponse de manifesto una redución da carga financeira orzamentaria con respecto do exercicio anterior

A cantidade destinada á amortización préstamos.....860.000 € (diminúe respecto o 2014 en 211.953,88, -19,77%)

Esta redución do gasto incrementan a capacidade para atender os gastos derivados dos distintos servizos públicos.

CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES: 127.836,61

Contéplanse os créditos por achegas económicas do Concello a: - Mancomunidade de Municipios Arousa Norte, entidades deportivas do concello, - Asociación Sociocultural A Moreniña, Escola de Música de Rianxo e - Colexios do Rural Agrupados, casa do Mar, Fundación amigos de Galicia, entre outros –

CAPITULO VI.- INVERSIONES REALES: Cifrase en 709.298,62€, aumenta en 161.411,98, aumenta nun 29,46%, por citar os de maior cuantía recolle entre outros:

- Arrendamento con opción de compra de vehículo de policía local (10.750)
- Saneamento en Outeiro e A Laxe (154.815,17)
- Saneamento na Casilla tramo II (43.045,13)
- Impermeabilización de estanque do parque de Galicia (10.000)
- Dotación de mobiliario e equipamento para os Centros Sociais (30.000)
- Equipamento para usos complementarios do Auditorio (15.600)
- Inversións no Centro de Emprendemento (10.500)
- Mellora e mantemento do firme da estrada de campo Maneiro (61.371,40)
- Mellora de vías municipais, Barral e outras, (149.511,94)
- Acondicionamento das dependencias municipais do antigo Liceo (60.500)
- Mellora do firme e nivelación do Campo de Arriba (15.992).

De estas actuacións a parte financiada con recursos propios ascende á cantidade de 109.192,64 euros, 16,59% e o restante con achegas da Xunta e Diputación (61,98%)e outros (21,43%). É de significar que neste capítulo de inversións non se contabilizan as actuacións que realiza o Persoal de Obras e Servizos Municipais, o que eleva os inversións reais, que se imputan o capítulo de gastos correntes.

En canto á DÉBEDA VIVA indicar que o endebedamento financeiro 31/12/2014 é de 2.000.571,73 euros e a débeda viva do Concello ao finalizar o ano 2015 será 1.365.917,12 euros.

O porcentaxe de endebedamento a 31/12/2014 é do 30,39 %.

O porcentaxe de endebedamento a 31/12/2015 será do 20,36 %. Moi por debaixo do límite legal que é do 75 %.

Nos orzamentos tamén se recollen facturas pendentes de aplicar que ben non tiñan crédito na partida orzamentaria correspondente ou ben as facturas se presentaron no neste ano 2015 e corresponden a gastos do 2014. Neste orzamento recóllese toda a débeda.

Para citar algún indicador económico, o AFORRO NETO, que é una das principais magnitudes para coñecer a situación económica, e segundo se indica no informe de intervención, sinalar que este é positivo en 399.804,46 euros.

Para rematar e volvendo coa débeda financeira, O Concello no seu momento concertou esa débeda conscientes que suporía una contención importante no gasto nos vindeiros exercicios pero conscientes que era totalmente viable o seu pagamento, e así se está a facer, cada ano estamos amortizando una cantidade importante pero asumible.

O PSOE está a recibir a culpa da débeda existente pero esa inversión permitiu contar cun PARQUE EMPRESARIAL, PUNTO LIMPO, SANEAMENTO E DEPURADORAS, AUDITORIO, MUSEOS, PASEOS, CAMPOS DE FÚTBOL, CENTRO DE SAÚDE, GARDERÍA, PISCINA e moitas máis que nos enorgullece porque están dando servizos aos rianxeiros e as están disfrutando os rianxeiros ao tempo que atendemos tódalas necesidades do Concello.

En poucos anos e gracias a una moi boa xestión viñeron para Rianxo 55 mill de €, e para isto era necesario unha aportación municipal, por eso foi necesario o endebedamento.

Si non tivésemos endebedamento non teríamos nin campos de fútbol, nin centro de saúde, nin gardería, nin piscina, nin parque empresarial nin auditorio nin museos etc...

Agora, quen se pode imaxinar un Rianxo sen estas obras?

A voceira do grupo municipal do BNG Adelina Ces Quintáns di que o orzamento está xa moi explicado, certo é que houbo que pasar austeridade e axustes que os rianxeiros soportaron, pero que xa se está a piques de poñerlles fin, de rematar coa debeda

O alcalde quere insistir en que os concellos son as administracións públicas mais vixiadas de todas, xa que se está remitindo continuamente ao Estado e ao Tribunal de contas. O goberno non son contables, para contable o Sr. Montoro, aínda así facendo todo o exposto non se pode rebatir que se acadou amortizados 4 millóns de euros.

Engade o alcalde que en canto ao informe de intervención, dille a oposición que hai que léelo todo, e nel di que a capacidade de financiamento está nun 11%. isto é mérito deste goberno municipal.

Conclúe que a capacidade futura van ser proxectos e plans de mellora para beneficio de todos os rianxeiros: adianto de pago de facturas.

Queixábase a voceira do PP de que traía recoñecemento extraxudicial, pois iso significa que non se agochan as facturas senón que se lles poñen a vista dos concelleiros e se procede ao seu abono, por que é obriga de lei que se pague aos provedores. Seguirá a facerse respecto daquelas facturas que se precise. O orzamento que se trae é non soo moderado senón que vai a ser dos mellores na zona.

Sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN** sendo **APROBADA** por 9 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) e 4 votos en contra (4 dos membros do PP), e cero abstencións dos 13 membros presentes dos 17 que

legalmente constitúen a corporación.

7.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

Entrado neste punto non se presenta ningún.

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Formúlaos a voceira do grupo do PP, D.^a Vanessa Martinez Durán:

R.1.- que se pague aos clubs deportivos: de nada serve que se dean as subvencións se non se abonan. Xa que o goberno di que temos cartos que se pague.

R.2.- Que se inspeccionan os parques infantís a ver si están en condicións e que se cree unha partida presupostaria para os arranxos.

P.1.- Pedíuse un vehículo patrulla para a policía?

P.2.- como está a contratación de xente para a limpeza das praias e as oficinas de turismo?

P.3.- Vanse adoptar medidas correctivas de adecuación dos parques infantís?

P.4.- que acontece co convenio que se asinou coa Deputación Provincial para o subministro dunha carpa?

Abandona o salón de plenos a concelleira Ana Agrelo ás 20:55 h.

A Alcaldía resposta aos seguintes:

R.1.- Di que non pagar as achegas que se conceden é unha das medidas que se incumpren ao atenernos ao plan de axuste. E se se cumpre se transgrede.

R.2.- Di que toma nota ao respecto. Avanza que hai unha partida de 50.000€ con cargo á mancomunidade para este fin. Engade que tampouco sabe porque o Conselleiro de Presidencia deixou fora ao parque infantil que se solicitou para Rianxo.

A voceira do PP dille que se o avisa con tempo pode enterarse.

P.2.- As praias xa se están a limpar, comezouse esta semana santa.No tocante ao turismo vaise sinalar ademais un novo roteiro e dous sendeiros.

A alcaldía di que en canto ás preguntas relativas ao coche patrulla e o convenio da carpa (**P.1. e P.4.**) pedirá os informes oportunos e dará resposta no próximo pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:58 minutos, de orde da Presidencia,

ábrese os ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 20:59 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo